

por bloque completo, será preciso que o alumno supere todas as materias, con dúas materias avaliadas negativamente como máximo, de calquera dos bloques anteriores. Neste caso, esas materias terán a mesma consideración que as materias pendentes do réxime ordinario de bacharelato.

2. No caso de non poder promocionar de bloque por ter máis de dúas materias avaliadas negativamente, poderá realizar a matrícula por materias».

Artigo 5º

Engádeselle ao texto da citada Orde do 14 de abril de 1999 a seguinte disposición transitoria:

«Disposición transitoria

Única.

1. Durante o curso escolar 2006-2007, as ensinanzas do bacharelato presencial de adultos, nos institutos que as teñen autorizadas, organizaranse do seguinte xeito:

a) Impartirase o primeiro bloque de materias dos establecidos no anexo desta orde. Os alumnos de nova matrícula que accedan ao primeiro curso de bacharelato de adultos presencial matricularanse do bloque primeiro completo ou de materias illadas correspondentes a el.

b) Ademais, impartiranse as materias correspondentes ao segundo curso do bacharelato, segundo figuran no anexo I da Orde do 4 de xullo de 2002, pola que se regula a organización académica do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xullo), e en horario de dezaseis (16.00) horas a vinte e dúas horas trinta minutos (22.30). Os alumnos que cursaron no ano escolar 2005-2006 ou anteriores ensinanzas de bacharelato de adultos presencial e poidan acceder ao segundo curso, matricularanse no segundo curso de bacharelato.

c) A Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, logo de informe da Inspección Educativa, poderá autorizar que se impartan as materias de primeiro curso de bacharelato incluídas no segundo bloque dos establecidos no anexo desta orde, en caso de existir alumnado que, matriculado no centro no ano 2005-2006, solicite cursar algunha desas materias.

2. Durante o curso escolar 2007-2008, nos institutos que teñen autorizadas as ensinanzas do bacharelato presencial de adultos, estas ensinanzas organizaranse do seguinte xeito:

a) Impartiranse o primeiro e o segundo bloque de materias dos establecidos no anexo desta orde.

b) A Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, logo de informe da Inspección Educativa, poderá autorizar que se impartan as materias incluídas no terceiro bloque dos establecidos no anexo desta orde, en caso de existir alumnado que, matriculado no centro no ano 2006-2007, solicite cursar algunha desas materias.

3. Durante o curso escolar 2008-2009 e seguintes impartiranse neses mesmos centros os tres bloques de materias dos establecidos nesta orde».

Artigo 6º

Modifícanse os anexos 1 e 2 da mencionada Orde do 14 de abril de 1999, pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos na Comunidade Autónoma de Galicia, que quedan substituídos polo anexo que figura nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de Ordenación e Innovación Educativa a ditar as instrucións precisas para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Distribución dos bloques de materias no bacharelato presencial para persoas adultas

Primeiro bloque de materias	Carga lectiva	Segundo bloque de materias	Carga lectiva	Terceiro bloque de materias	Carga lectiva
-Lingua castelá I. -Filosofía I. -Educación física. -3 materias de modalidade de 1º. -1 materia optativa de 1º	23 sesións	-Lingua galega I. -Lingua castelá II. -Lin. estranxeira I -Relixión/activid. estudo alternativos -1 materia de modalidade de 2º curso. -1 materia optativa de 2º	19 sesións	-Lingua galega II. -Lingua estranxeira II -Historia. -Filosofía II. -2 materias de modalidade de 2º curso.	21 sesións

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 17 de xullo de 2006, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establece e regula o programa de axudas económicas individuais a emigrantes galegos para o exercicio de 2006.

A Secretaría Xeral de Emigración, segundo o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, é o órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior e a política inmigratoria e de retorno en Galicia.

O Real decreto 1612/2005, do 30 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 728/1993, do 14 de maio, polo que se establecen pensións asistenciais por ancianidade a favor dos emigrantes españois, supuxo a universalización das pensións asistenciais e unha mellora substancial dos sistemas de protección social dos españois de orixe residentes no estranxeiro que, chegados á idade de xubilación, carecen de recursos que lles aseguren un mínimo de subsistencia.

A pesar da ampliación dos plans de cobertura socio-sanitaria do Estado, existen persoas de orixe galega residentes no exterior en situación de necesidade que precisan de axudas que poidan paliar ou contribuír algunha medida á mellora desa situación.

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Emigración está impulsando, nunha actuación coordinada co Estado español, unha nova política de atención e protección aos galegos residentes no exterior coa finalidade de garantirlles a estes cidadáns o exercicio dos seus dereitos e deberes constitucionais e estatutarios en termos de igualdade cos españois residentes en Galicia, superando o tradicional concepto da emigración.

Neste contexto enmárcase esta resolución de convocatoria de axudas económicas individuais a emigrantes galegos para o exercicio de 2006, que van ter un carácter individual, extraordinario e non periódico.

A disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia desconcentra no secretario xeral de Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

En virtude do exposto, de conformidade co disposto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, naqueles preceptos que sexan básicos, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e a normativa que a desenvolve, logo do informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

DISPOÑO:

Programa de axudas económicas individuais a emigrantes galegos

Artigo 1º.-Obxecto e características.

1.1. O obxecto desta resolución é establecer un programa de axudas económicas individuais a emigrantes galegos nos termos e nas condicións que seguen. Especificamente, regúlase a concesión de axudas económicas, directas, individuais e de carácter social, dirixidas aos emigrantes de nacionalidade española e de

orixe galega, e a determinados familiares, residentes no estranxeiro, que se atopen en situación de precariedade económica. Están destinadas a cubrir as necesidades básicas de subsistencia e atención socio-sanitaria.

1.2. Estas axudas destinaranse aos residentes nos países iberoamericanos, debido á súa situación actual e á da nosa comunidade alí residente, aínda que poden ser atendidos os casos de especial e de grave necesidade sen distinción en canto ao lugar de residencia sempre que este sexa no estranxeiro.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

2.1. Os emigrantes de orixe galega residentes no exterior.

2.2. No caso de falecemento da persoa indicada no punto anterior, poderán ser beneficiarios da axuda prevista no artigo 8º desta convocatoria o cónxuxe viúvo e os orfos, que dependían economicamente do falecido, se non transcorreron dous anos desde o falecemento.

2.3. O cónxuxe viúvo, pai, nai ou orfos de emigrantes que cumprindo os requisitos do punto 2.1 desaparecen ou falecesen como consecuencia das ditaduras militares en Arxentina e Chile.

Artigo 3º.-Requisitos xerais dos solicitantes.

Poderán solicitar estas axudas as persoas que cumpran e acrediten documentalmente, os requisitos xerais que a continuación se sinalan:

3.1. Teren o seu lugar de residencia nos países iberoamericanos ou, nos casos de especial gravidade, en calquera lugar do estranxeiro.

3.2. Careceren de rendas e ingresos que permitan o nivel mínimo de subsistencia, computándose todo tipo de rendas incluso as axudas, públicas ou privadas, de natureza semellante a esta, sempre que non cubran as súas necesidades básicas.

3.2.1. Considerarase que existen rendas ou ingresos insuficientes cando aqueles de que dispoña o interesado ou se prevexa que vai dispoñer en cómputo anual, sexan inferiores á base de cálculo da pensión asistencial por ancianidade establecida polo Estado para o país de residencia, contías que se recollen no anexo II desta resolución, sen prexuízo do establecido no punto 3.4 deste artigo.

3.2.2. De acordo co disposto no parágrafo anterior, se o solicitante carece de rendas ou ingresos suficientes, segundo o previsto nese parágrafo, pero convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 por cento da dita cifra polo número de conviventes menos un.

3.2.3. Existirá unidade económica familiar en todos os casos de convivencia dun beneficiario con outras persoas, sexan ou non beneficiarios, unidos a aquel por matrimonio, agás nos supostos de separación, ou por lazos de parentesco por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o primeiro grao.

3.2.4. Para os efectos do establecido neste punto, consideraranse rendas ou ingresos computables os bens ou dereitos de que dispoña anualmente o beneficiario ou a unidade económica familiar, derivados tanto do traballo como do capital, así como calquera outros substitutivos daqueles.

3.2.5. Cando o solicitante ou os membros da unidade económica familiar en que estea inserto dispoñan de bens mobles ou inmobles, teranse en conta os seus rendementos efectivos. Se non existen rendementos efectivos, valorarase segundo as normas establecidas para o imposto que os grave coa excepción, en todo caso, da vivenda habitualmente ocupada polo beneficiario.

3.3. Residiren en domicilios particulares e non pertenceren a organizacións, comunidades ou institucións que polas súas regras ou estatutos estean obrigados a prestarlles asistencia.

3.4. Non seren beneficiarios no ano 2006 de pensións asistenciais por anciandade do Estado español, agás nos seguintes supostos:

3.4.1. Que residan en países onde o Estado español non teña posto en funcionamento accións destinadas á cobertura sociosanitaria nin farmacéutica.

3.4.2. Nos casos establecidos nos artigos 7º, 8º e 9º desta convocatoria.

Ademais dos requisitos anteriores, en cada un dos supostos de axuda previstos nos seguintes artigos, os solicitantes terán que cumprir os requisitos específicos que nel se sinalan.

Artigo 4º.-Axudas por invalidez ou enfermidade permanente.

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os requisitos xerais previstos no artigo 3º e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

4.1. Seren menores de 65 anos de idade.

4.2. Encontrarse nunha situación de invalidez ou enfermidade permanente que o incapacite para desenvolver calquera tipo de actividade laboral.

Artigo 5º.-Axudas para paliar unha situación de paro xeneralizado na unidade familiar.

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os requisitos xerais previstos no artigo 3º e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

5.1. Seren menores de 65 anos.

5.2. Estar a unidade familiar en situación de paro xeneralizado. Entenderase que existe situación de paro xeneralizado cando se atopan nela máis do 50% dos membros da unidade económica familiar maiores de 24 anos e menores de 65 anos, contados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Nesta situación deben estar incluídos necesariamente o solicitante e o seu cónxuxe, agás supostos de falecemento ou separación deste último.

Artigo 6º.-Axudas para a cobertura de medicamentos para enfermidades crónicas ou graves, cando teñan un custo elevado.

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os requisitos xerais previstos no artigo 3º e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

6.1. Ter cumpridos 65 anos de idade.

6.2. Padeceren unha enfermidade crónica ou grave, que requira dun tratamento farmacolóxico de custo elevado e careza da correspondente cobertura. Entenderase que o custo é elevado cando as cantidades mensuais destinadas a tratamento farmacolóxico ascenden polo menos a un seis por cento das cantidades enumeradas no anexo II, en cómputo mensual.

Artigo 7º.-Axudas por situación de dependencia ou enfermidade grave do solicitante.

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os requisitos xerais previstos no artigo 3º e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

7.1. Estar o solicitante nunha das seguintes situacións:

-Atoparse en situación de dependencia por mor de grande invalidez, incapacidade permanente absoluta ou enfermidade conxénita invalidante para facilitar o acceso a coidados de terceiros, con asistencia domiciliar e atención no fogar e que careza da correspondente cobertura para o seu tratamento ou atención médica.

-Padecer unha enfermidade grave con necesidade de atención urxente.

Artigo 8º.-Axudas por situación de dependencia ou enfermidade grave no seo da unidade familiar.

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os requisitos xerais previstos no artigo 3º e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

8.1. Estaren o seu cónxuxe ou fillos nunha das seguintes situacións:

-Atoparse en situación de dependencia por mor de grande invalidez, incapacidade permanente absoluta ou enfermidade conxénita invalidante para facilitar o acceso a coidados de terceiros, con asistencia domiciliar e atención no fogar e que careza da correspondente cobertura para o seu tratamento ou atención médica.

-Padecer unha enfermidade grave con necesidade de atención urxente.

Artigo 9º.-Axudas en casos de afectación da necesidade básica de vivenda.

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os requisitos xerais previstos

no artigo 3º e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

9.1. Que sucedesen feitos extraordinarios, de carácter puntual, que afecten gravemente a cobertura da necesidade básica de vivenda tales como inundación, incendio, desaloxo e infravivenda.

Artigo 10º.-Contía da axuda.

10.1. A contía da axuda será dun importe mínimo de 350 euros e dun máximo de 700 euros, sendo fixada tendo en conta o número de solicitudes presentadas e os criterios de valoración establecidos no artigo 17º desta convocatoria.

10.2. Cando nunha mesma unidade económica familiar concorra máis dun beneficiario, serán minoradas nun 70 por cento excepto a de maior contía.

Artigo 11º.-Natureza das axudas.

11.1. As axudas teñen carácter persoal e intransferible. As axudas non orixinan ningún dereito subxectivo para os beneficiarios e estarán, en todo caso, condicionadas ás disponibilidades orzamentarias deste exercicio, previstas para esta finalidade.

11.2. Soamente se poderá conceder unha axuda por un feito causante no correspondente suposto.

11.3. Soamente se poderá pedir unha axuda por solicitante.

Artigo 12º.-Competencia.

A competencia para resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro desta resolución correspóndelle ao secretario xeral de Emigración.

Artigo 13º.-Lugar e prazo de presentación.

13.1. Lugar de presentación. As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral de Emigración ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para a presentación destas solicitudes os interesados poderán utilizar o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia.

Para a presentación telemática das solicitudes os interesados deberán posuír un certificado dixital baixo a norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.

13.2. Prazo. O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, agás as correspondentes ao artigo 9º que poderán presentarse na época do ano en que se produza a continxencia, quedando condicionada a súa concesión á existencia de crédito.

Artigo 14º.-Acreditación da condición de emigrante de orixe galega.

A condición de emigrante de orixe galega poderá acreditarse mediante o pasaporte español en vigor en que conste a dilixencia de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular ou mediante certificado de inscrición no dito rexistro que acredite a nacionalidade

española. Ademais, a orixe galega xustificárase mediante calquera documento oficial que acredite o lugar de nacemento en Galicia, que a última veciñanza administrativa en España foi en Galicia ou que, no momento de publicación desta resolución, se atope vinculado con calquera concello galego no padrón de residentes ausentes.

Artigo 15º.-Documentación.

15.1. Todos os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud segundo modelo normalizado do anexo I desta resolución. No caso de que os solicitantes sexan menores de idade ou incapacitados, asinará a solicitude o pai, nai ou titor daquel.

No modelo da solicitude inclúese unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda, efectuadas ou concedidas, das distintas administracións públicas competentes.

b) Fotocopia do pasaporte español ou documento de identidade en que consten os seus datos persoais e acreditación documental da condición de emigrante español de orixe galega, de acordo co artigo anterior, do beneficiario da axuda ou do causante desta.

c) Certificación acreditativa da convivencia familiar, de ser o caso.

d) Libro de familia, se procede. No seu defecto, achegarase certificado de matrimonio e nacemento do resto de membros da unidade familiar.

e) No caso de separación legal ou divorcio, achegarase a correspondente sentenza xudicial firme ou certificación rexistral.

f) No suposto dos desaparecidos ou falecidos como consecuencia das ditaduras militares en Arxentina e Chile, achegarase ademais declaración oficial de desaparición ou falecemento e xustificante de terse producido como consecuencia das ditaduras militares.

g) Certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensión de calquera natureza que perciba o interesado e/ou os membros da unidade económica familiar, ou de non percibirse, declaración responsable do solicitante de que ningún membro da unidade económica de convivencia, incluído o interesado, percibe ingresos, rendas ou pensión de calquera natureza.

h) Declaración responsable do interesado dos bens mobles e inmobles de que dispoñan os membros da unidade económica familiar, incluído o solicitante, a excepción da residencia habitual.

i) Outros documentos xustificativos do estado de necesidade que fundamenten a solicitude de axuda, completen e faciliten a gradación do estado de necesidade.

15.2. Ademais, para cada caso concreto deberán completar a documentación achegando:

15.2.1. Para os casos de invalidez ou enfermidade permanente previstos no artigo 4º:

a) Certificado médico, segundo o modelo normalizado do anexo III, realizado polos servizos médicos

dunha sociedade galega ou española que preste servizos na área de saúde. Cando o certificado médico anterior non poida ser expedido pola sociedade galega ou española aludida, poderá admitirse como válido un certificado médico expedido por calquera centro de saúde pública oficial (centros médicos nacionais, provinciais ou municipais) do país de residencia, preferentemente referendado pola dirección médica das ditas sociedades galegas ou españolas, naqueles lugares en que estas existan. Podería admitirse un certificado médico nun modelo distinto do anexo III, sempre que cumprise o anteriormente sinalado e del se puidesen extraer obxectivamente os mesmos datos que aparecen no modelo normalizado.

15.2.2. Para os casos de paro xeneralizado na unidade familiar previstos no artigo 5º:

a) Xustificantes da situación de paro, con indicación de se é subsidiado ou non, do cabeza de familia e do seu cónxuxe, así como do resto dos membros que compoñen a unidade familiar e que estean nesa situación.

15.2.3. Para os casos de cobertura de medicamentos para enfermidades crónicas ou graves previstos no artigo 6º:

a) Certificado médico, segundo o modelo normalizado do anexo IV, nos mesmos termos que o descrito na alínea 2.1 a) deste mesmo artigo.

b) Xustificación dos gastos mensuais en medicinas efectivamente aboados polo solicitante, no modelo normalizado do anexo V.

15.2.4. Para os casos de situación de dependencia ou enfermidade grave previstos nos artigos 7º e 8º:

a) Certificado médico, segundo o modelo normalizado do anexo VI, nos mesmos termos que o descrito na alínea 2.1 a) deste mesmo artigo e, de ser o caso, outros xustificantes que poidan servir como comprobantes do grao de dependencia de terceiras persoas para o desenvolvemento da súa vida diaria.

15.2.5. Para os casos de afectación da necesidade básica de vivenda previstos no artigo 9º, deberá presentar xustificantes que poidan servir como comprobantes das devanditas circunstancias.

15.2.6. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a Secretaría Xeral de Emigración requirirá o interesado para que, nun prazo máximo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, entenderase por desistido da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992.

15.2.7. A falsidade ou ocultación de datos na documentación presentada para a obtención da axuda suporá a exclusión do proceso de valoración e, polo tanto, a imposibilidade de ser beneficiario das axudas establecidas nesta resolución.

Artigo 16º.-Tramitación.

16.1. O procedemento para a tramitación e concesión das axudas que se convocan por esta resolución axustarase ao previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes someteranse a un réxime de concorrencia competitiva tal como recolle a devandita Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia no seu artigo 78.

16.2. Correspóndelle á Secretaría Xeral de Emigración a realización das tarefas de xestión desta convocatoria, sempre de acordo coa existencia das dispoñibilidades orzamentarias. Para isto, crearase unha comisión de avaliación, que ademais será órgano instructor, presidida pola subdirectora xeral de Programas Sociais, ou persoa en que delegue, e composta polos seguintes membros:

-O xefe do Servizo de Acción Social.

-Un/unha funcionario/a da unidade que actuará como secretario/a.

16.3. Os expedientes serán avaliados pola comisión segundo os criterios establecidos no artigo 17º, podendo establecerse unha distribución por países. Posteriormente, a comisión elaborará unha proposta de concesión, a través da Subdirección Xeral de Programas Sociais, que se lle presentará ao secretario xeral de Emigración, que resolverá dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 17º.-Criterios de valoración.

Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas serán os que se sinalan a continuación:

17.1. Para os supostos do artigo 4º:

- a) Grao de autonomía.
- b) Ingresos económicos.
- c) Gastos médicos/farmacéuticos.

17.2. Para o suposto do artigo 5º:

a) Incidencia de paro en relación co número de membros da unidade familiar.

- b) Ingresos económicos.
- c) Idade do solicitante.

17.3. Para o suposto do artigo 6º:

- a) Gasto farmacéutico.
- b) Ingresos económicos.
- c) Idade do solicitante.

17.4. Para os supostos dos artigos 7º e 8º:

a) Grao de dependencia de terceiros/gravidade da enfermidade.

- b) Ingresos económicos.
- c) Idade do solicitante.

17.5. Para o suposto do artigo 9º:

- a) Grao de afectación da vivenda.
- b) Ingresos económicos.
- c) Número de membros da unidade familiar.

Artigo 18º.-Resolución.

18.1. As resolucións seranlles notificadas aos interesados, debendo ser sempre motivadas. A Secretaría Xeral de Emigración asegurará a publicidade dos beneficiarios das axudas na páxina web www.galiciaaberta.com, de acordo coas súas características, contía e número.

18.2. O prazo máximo para resolver será de catro meses, que comezarán a contar desde a data da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

18.3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 19º.-Obrigas dos beneficiarios.

Con carácter xeral, os beneficiarios de axudas e subvencións correspondentes aos programas convocados por esta resolución quedan obrigados a someterse aos requisitos legais e regulamentarios que prevexa a normativa xeral de aplicación ás axudas de subvencións da Xunta de Galicia, así como ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar a entidade concedente e ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizadores do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 20º.-Modificación da resolución de concesión e reintegro.

20.1. Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a comunicarlle á Secretaría Xeral de Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das accións para as que se solicitou a axuda, podendo a secretaría adoptar a resolución de modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

20.2. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora, nos casos e nos termos previstos no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Secretaría Xeral de Emigración levará a cabo a función de control, avaliación e seguimento dos programas recollidos nesta resolución.

Para realizar as devanditas funcións poderán utilizarse cantos medios estean á disposición da Secretaría Xeral de Emigración para comprobar os requisitos exixidos nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal as persoas a que van dirixidos os programas regulados nesta resolución, así como as entidades citadas nela, prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida.

Segunda.-A Secretaría Xeral de Emigración poderá requirir en todo momento a documentación orixinal ou copia compulsada que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para as axudas previstas nesta resolución.

Terceira.-As axudas precisas para a realización deste programa concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.213-A.480.0.-Accións política migratoria. O crédito inicialmente outorgado para esta finalidade é de 1.064.800 euros. O citado importe poderá ser ampliado en función das maiores disponibilidades orzamentarias que poidan producirse na devandita aplicación.

A concesión das axudas estará sempre condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Subdirección Xeral de Programas Sociais da Secretaría Xeral de Emigración para ditar as instrucións e aclaracións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2006.

Manuel L. Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Emigración

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS (ANEXO I/2006)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR925A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

APELIDO 1º	APELIDO 2º	NOME	Nº DO DNI
PASAPORTE	CIDADE DE RESIDENCIA	CÓDIGO POSTAL	PAÍS
ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)			TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO	CONCELLO DE NACEMENTO	PROVINCIA DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO
ESTADO CIVIL	NACIONALIDADE	COBERTURA MÉDICA QUE POSÚE (INDICAR O NOME)	

 SE PRESENTA SOLICITUDE POLO ART. 2.1 SINALAR A DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA PARA ACREDITAR A CONDICIÓ DE EMIGRANTE DE ORIXE GALEGA:

- Pasaporte español en vigor en que conste a dilixencia de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular.
- Certificado de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular.
- Documentación oficial que acredite o lugar de nacemento en Galicia.
- Documentación oficial que acredite que a última veciñanza administrativa en España foi en Galicia.
- Documentación oficial que acredite que no momento da publicación desta resolución se atopa vinculado con calquera concello galego no padrón de residentes ausentes.

 SE PRESENTA SOLICITUDE POLO ART. 2.2:

NOME E APELIDOS DA PERSOA FALECIDA: _____

PARENTESCO CO/COA SOLICITANTE: _____

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA PARA ACREDITAR A CONDICIÓ DE EMIGRANTE DE ORIXE GALEGA DO FALECIDO: _____

 SE PRESENTA SOLICITUDE POLO ART. 2.3:

NOME E APELIDOS DA PERSOA DESAPARECIDA OU FALECIDA COMO CONSECUCIA DAS DICTADURAS MILITARES EN ARXENTINA E CHILE: _____

PARENTESCO CO/COA SOLICITANTE: _____

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA PARA ACREDITAR A CONDICIÓ DE EMIGRANTE DE ORIXE GALLEGO DO DESAPARECIDO / FALECIDO: _____

TIPO DE AXUDA QUE SOLICITA (Podendo solicitar un único tipo de axuda)

- Axudas por invalidez o enfermidade permanente (art. 4º)
- Axudas para paliar unha situación de paro xeneralizado na unidade familiar (art. 5º)
- Axudas para a cobertura de medicamentos para enfermidades crónicas ou graves, cando teñan un custo elevado (art. 6º)
- Axudas por situación de dependencia o enfermidade grave do solicitante (art. 7º)
- Axudas por situación de dependencia ou enfermidade grave no seo da unidade familiar (art. 8º)

Nome e apelidos da persoa causante: _____

Parentesco co/coa solicitante: _____

- Axudas en casos de afectación da necesidade básica da vivenda (art. 9º)

DATOS DA UNIDADE ECONÓMICA FAMILIAR

FAMILIARES QUE CONVIVEN CO/COA SOLICITANTE:						
	APELIDOS	NOME	PARENTESCO	IDADE	INGRESOS MENSUAIS (MOEDA DO PAÍS)	PROCEDENCIA
1						
2						
3						
4						
5						
6						
INGRESOS MENSUAIS DO/DA SOLICITANTE:						
TOTAL INGRESOS MENSUAIS DA UNIDADE FAMILIAR:						

*DEBEN INDICARSE EN PROPORCIÓN MENSUAL OS INGRESOS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO OU DE PERIODICIDADE NON MENSUAL

PROPIEDADES OU EMPRESAS QUE POSÚEN OS MEMBROS DA UNIDADE ECONÓMICA FAMILIAR, ESPECIFICANDO ENDEREZO (Agás a vivenda habitual):			
Nº	PROPIEDAD	ENDEREZO	RENDEMENTO EFECTIVO (Se non existe rendemento efectivo indicar a contía do imposto que o grava)
1			
2			
3			
4			

OUTROS DATOS

INDICAR SE EN 2006 FOI BENEFICIARIO/A OU SOLICITOU ALGUNHA DAS SEGUINTES AXUDAS:

- PENSIÓN ASISTENCIAL POR ANCIANIDADE: SI NON

- OUTRAS AXUDAS DO ESTADO ESPAÑOL: SI NON

INDICAR TIPO DE AXUDA E ORGANISMO: _____

- AXUDAS EXTRAORDINARIAS DA FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN: SI NON

- OUTRAS AXUDAS DE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: SI NON

INDICAR TIPO DE AXUDA E ORGANISMO: _____

O/A solicitante **DECLARA BAIXO XURAMENTO/PROMESA** que son certos os datos sinalados nesta solicitude e que reúne todos os requisitos exixidos na convocatoria do programa AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS.

_____, ____ de _____ de 2006

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

ANEXO II

**BASE DE CÁLCULO DA PENSIÓN ASISTENCIAL POR ANCIANIDADE PARA O ANO 2006
ESTABLECIDA POLO ESTADO ESPAÑOL PARA PAÍSES IBEROAMERICANOS**

PAIS	BASE DE CÁLCULO ANO 2006	
	EUROS / ANO	MOEDA LOCAL / ANO
ARXENTINA	2.784,86	10.103,36
BOLIVIA	1.778,95	17.825,11
BRASIL	3.072,73	9.235,72
CHILE	2.466,27	1.712.685,14
COLOMBIA	2.547,13	7.340.425,94
COSTA RICA	2.102,39	1.247.709,91
CUBA	1.698,09	51.945,10
ECUADOR	2.061,96	2.561,76
O SALVADOR	1.819,38	2.260,38
GUATEMALA	1.698,09	16.126,17
HONDURAS	1.657,65	38.820,95
MÉXICO	2.425,84	32.825,93
NICARAGUA	1.657,65	33.898,87
PANAMÁ	2.385,41	2.963,60
PARAGUAI	1.859,81	14.197.004,58
PERÚ	2.223,68	9.105,99
REPÚBLICA DOMINICANA	1.859,81	68.050,04
URUGUAI	2.619,09	79.607,73
VENEZUELA	2.492,14	6.506.898,65

ANEXO III

SUPOSTO DE AXUDA: AXUDAS POR INVALIDEZ OU ENFERMIDADE PERMANENTE (ART. 4º)

CERTIFICADO MÉDICO

APELIDOS E NOME DO/DA FACULTATIVO/A	
CENTRO OU ENTIDADE GALEGA/ESPAÑOLA OU DE SAÚDE PÚBLICA OFICIAL EN QUE PRESTA OS SEUS SERVIZOS	
ESPECIALIDADE	Nº COLEXIADO
ENDEREZO DO CENTRO	
CIDADE	PAÍS

INFORMO:

Que efectuado o correspondente recoñecemento médico ao paciente _____

CERTIFICO

- Que padece as seguintes enfermidades / minusvalideces: _____

Para as que necesita seguir o seguinte tratamento: _____

cun custo mensual de _____ (moeda do país)

Debido ao exposto, o/a paciente atópase nunha situación de:

- INVALIDEZ QUE O INCAPACITA PARA DESENVOLVER CALQUERA TIPO DE ACTIVIDADE LABORAL
- ENFERMIDADE PERMANENTE QUE O INCAPACITA PARA DESENVOLVER CALQUERA TIPO DE ACTIVIDADE LABORAL
- PODE DESENVOLVER ACTIVIDADES LABORAIS

Tendo o grao de autonomía:

- AUTOVÁLIDO
- DEPENDENTE DE TERCEIROS PARA AS SÚAS NECESIDADES BÁSICAS

Outras observacións:

_____, ____ de _____ de 2006

SINATURA E SELO DO/DA FACULTATIVO/A

SELO DA ENTIDADE

REFERENDO DA ENTIDADE MÉDICA
GALEGA/ESPAÑOLA